

Proxecto de orde pola que se regula o procedemento para a obtención do selo de Mercado Excelente na Comunidade Autónoma de Galicia, código de procedemento IN223B

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é o órgano encargado de exercer as competencias que, en materia de comercio interior, o artigo 30.I.4 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúe á nosa comunidade autónoma.

O Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración establece que lle corresponde á Dirección Xeral de Comercio e Consumo a planificación, a coordinación e o control das competencias da consellería en materia de comercio interior. Dentro destas cabe sinalar, especificamente, a promoción, o fomento, a modernización e mellora das estruturas comerciais.

A Xunta de Galicia impulsou o Plan de Mercados Excelentes 2016-2020 como unha folla de ruta a seguir polos nosos mercados e prazas de abastos de cara a conseguir a excelencia. Para iso o Plan inclúe unha Guía de boas practicas, dirixida a ofrecer unha definición dos requisitos, servizos e metodoloxías que debe seguir un mercado para elevar os seus niveis de modernidade e calidade e acadar así a excelencia.

Seguindo estes criterios, por Orde do 4 de xaneiro de 2017 régúlase o procedemento para a obtención do selo de Mercado Excelente da Comunidade Autónoma de Galicia.

Co obxectivo de recuperar a posición histórica dos mercados e prazas de abastos como motores económicos e de dinamización das nosas vilas e cidades, o Plan Estratéxico do Comercio de Galicia 2025-2030 establece un conxunto de accións dirixidas a impulsar unha Rede de Mercados Excelentes baseada na calidade e proximidade dos seus produtos e servizos, como vantaxe competitiva.

Con este fin, a Dirección Xeral de Comercio e Consumo realizou un estudo diagnóstico para establecer as condicións e requirimentos básicos para a transformación das prazas de abastos e mercados de Galicia en Mercados Excelentes, así como para obter unha perspectiva integral da súa situación e estado.

O selo de Mercado Excelente, identifica aos mercados e prazas de abastos de Galicia que obteñan a condición de excelente polo cumprimento dos requisitos, servizos e modelos de xestión nun nivel óptimo de calidade e modernidade que permita acadar a excelencia.

Este recoñecemento non só debe de adaptarse aos distintos tipos e características dos nosos mercados senón tamén servir de instrumento que impulse un cambio de modelo mais acorde coa sociedade actual e tendencias de consumo, en colaboración con todos os axentes que interveñen na actividade comercial local.

Para isto, revísase a ferramenta de avaliación do anexo II da Orde do 4 de xaneiro de 2017 pola que se regula o procedemento para a obtención do selo de Mercado Excelente da Comunidade Autónoma de Galicia, cuns criterios mais flexibles e sinxelos que permitan a mellora progresiva da calidade, ata acadar a condición de excelente, baseados na recuperación e potenciación das vantaxes, fortalezas e oportunidades específicas de cada un dos mercados e prazas de abastos de acordo coa súa capacidade para crear unha oferta acorde co seu público obxectivo e en función do territorio no que estea emprazado.

Así mesmo, incorpórase un anexo III cunha guía de boas prácticas que determina dunha forma obxectiva e verificable o grao dos valores a cubrir na ferramenta de avaliación, facilitando así a autoavaliación e, servindo, ao mesmo tempo, de instrumento que pode ser empregado na diagnose da situación e usos do mercado, para determinar que aspectos deben ser mellorados para acadar a excelencia, permitindo que os seus responsables poidan trazar un plan de mellora para progresar no concepto da excelencia.

Non obstante o carácter parcial destas modificacións, a necesidade de afrontar tamén unha actualización integral da Orde do 4 de xaneiro de 2017 pola que se regula o procedemento para a obtención do selo de Mercado Excelente da Comunidade Autónoma de Galicia, esixe a aprobación dunha nova orde que as integre e que dean resposta ás novas necesidades xurdidas dende a súa implantación.

O outorgamento do selo de Mercado Excelente é a resposta aos retos de modernización e innovación aos que se enfrontan as nosas prazas de abastos e mercados pero sen perder a súa autenticidade e tradición, a súa proximidade e trato personalizado e permitirá aos nosos mercados:

- Unha diferenciación e identificación coa calidade e o prestixio
- A potenciación da actividade comercial
- O incremento do seu atractivo e interese turístico

En consecuencia, no exercicio das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e fin*

1. Esta orde ten por obxecto regular o procedemento para a obtención do selo de Mercado Excelente na Comunidade Autónoma de Galicia, a fin de fixar unha estratexia que permita acadar a excelencia como símbolo de calidade e modernidade dos nosos mercados e prazas de abastos.
2. O selo de Mercado Excelente distinguirá aos mercados e prazas de abastos galegos que acaden os estándares que se establecen como mínimos e indispensables na ferramenta de avaliación, anexo II, referidos a:
 - a) O estado do edificio e das instalacións e a súa sostibilidade.
 - b) Os servizos do mercado postos a disposición da clientela e das persoas vendedoras.
 - c) A xestión integral do mercado, con independencia de si é pública ou privada, referida a todos os aspectos que garanten o correcto funcionamento do mercado e da súa actividade comercial.
 - d) A calidade da oferta e outros valores engadidos.

Artigo 2. *Requisitos para a obtención do Selo de Mercado Excelente.*

Poderán obter o selo de Mercado Excelente os mercados e prazas de abastos situados na Comunidade Autónoma de Galicia que cumpran os requisitos obrigatorios e acaden a puntuación mínima que para cada un dos capítulos se establecen no anexo II, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nesta orde.

Artigo 3. *Solicitud para a obtención do Selo de Mercado Excelente*

1. Poderán solicitar o selo de Mercado Excelente:
 - a) Os concellos de Galicia.
 - b) As entidades concesionarias da xestión das prazas de abastos e mercados.
 - c) As asociacións ou cooperativas de persoas vendedoras das prazas de abastos e mercados legalmente constituídas.
2. A solicitude para a obtención do selo de Mercado Excelente así como todos os trámites posteriores correspondentes ao dito procedemento realizaranse mediante a presentación por medios electrónicos da solicitude normalizada, que se inclúe como anexo I, dispoñible na

sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, xunto coa documentación que se detalla no artigo seguinte.

3. De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se a solicitude non reúne algún dos requisitos esixidos nesta orde requirirase á persoa interesada para que, no prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou achegue a documentación requirida con indicación de que, se así non o fixera, terase por desistida da súa solicitude e por terminado o procedemento, previa a correspondente resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da antedita lei.

Así mesmo, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

4. Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Artigo 4. Documentación para a obtención do Selo de Mercado Excelente

1. Para a obtención do selo de Mercado Excelente as entidades interesadas deberán achegar, xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

1.1. Concellos:

- a) Memoria descritiva que xustifique o cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 2 baseada na guía de boas prácticas prevista no anexo III.
- b) Anexo II da ferramenta de avaliación cuberta segundo a realidade existente.
- c) Informe da Mesa Local de Comercio no que se de conta da presentación da solicitude.
- d) Xustificante do pagamento da taxa establecida na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia co código 31.52.00 "Autorización Mercado Excelente".

1.2. Entidades concesionarias da xestión das prazas de abastos e mercados municipais.

- a) Acta e estatutos de constitución e modificacións posteriores da entidade solicitante, se é o caso, e acreditación da súa inscrición no rexistro correspondente.

- b) Título habilitante que acredite a súa condición de titular do dereito de uso da praza de abastos e mercado.
- c) Poder suficiente da persoa representante da entidade solicitante.
- d) Autorización do Concello para solicitar a obtención do selo de Mercado Excelente.
- e) Memoria descritiva que xustifique o cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 2 baseada na guía de boas prácticas prevista no anexo III.
- f) Anexo II da ferramenta de avaliación cuberta segundo a realidade existente.
- g) Informe da Mesa Local de Comercio no que se de conta da presentación da solicitude.
- h) Xustificante do pagamento da taxa establecida na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia co código 31.52.00 "Autorización Mercado Excelente".

1.3. Asociacións ou cooperativas de persoas vendedoras de prazas de abastos e mercados municipais:

- a) Acta e estatutos de constitución e modificacións posteriores da entidade solicitante, se é o caso, e acreditación da súa inscrición no rexistro correspondente.
- b) Poder suficiente da persoa representante da entidade solicitante.
- c) Autorización do Concello para solicitar a obtención do selo de Mercado Excelente.
- d) Memoria descritiva que xustifique o cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 2 baseada na guía de boas prácticas prevista no anexo III.
- e) Anexo II da ferramenta de avaliación cuberta segundo a realidade existente.
- f) Informe da Mesa Local de Comercio no que se de conta da presentación da solicitude.
- g) Xustificante do pagamento da taxa establecida na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia co código 31.52.00 "Autorización Mercado Excelente".

2. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, poderá requirirse á entidade solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

3. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa

interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recabados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada. De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

4. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

5. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

Artigo 5. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que as persoas interesadas se opoñan á súa consulta:

- a) NIF da entidade solicitante.
- b) DNI ou NIE da persoa representante.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro habilitado no formulario e achegar os documentos correspondentes. Cando así o esixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso das persoas interesadas para realizar a consulta.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 6. Instrución do procedemento para a obtención do selo de Mercado Excelente

1. A dirección xeral competente en materia de comercio será o órgano competente para a instrución do procedemento para a obtención do selo de Mercado Excelente.
2. Unha vez revisada a solicitude, a dirección xeral competente en materia de comercio realizará a comprobación do cumprimento dos requisitos obrigatorios esixidos e avaliará cada un deles outorgándolles a puntuación correspondente e formulará a proposta de resolución.
3. Para os efectos da verificación do cumprimento dos requisitos e para a súa avaliación a entidade solicitante deberá permitir o acceso a todas as instalacións da praza ou mercado que sexan obxecto de avaliación e permitir constatar no lugar as prácticas de xestión adoptadas. Así mesmo, deberá facilitar calquera documentación que sexa necesaria para acreditar o seu cumprimento e resultados.

A presentación da solicitude comporta a autorización prevista no apartado anterior e nela deberá designarse á persoa responsable e encargada de facilitar as tarefas de comprobación e inspección.

Artigo 7. Resolución do procedemento para a obtención do selo de Mercado Excelente

1. A persoa titular da consellería con competencia en materia de comercio resolverá as solicitudes presentadas para a obtención do selo de Mercado Excelente.
2. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ás persoas interesadas será de cinco meses contados a partir do día seguinte a aquel no que a solicitude teña entrada na sede electrónica da Xunta de Galicia. Transcorrido o dito prazo sen que se dite e notifique resolución expresa, entenderase estimada a solicitude presentada.
3. A resolución que será motivada, conterá a lo menos as condicións da utilización do selo, o período de validez do mesmo, as condicións para a súa renovación e as posibles causas de perda de validez.

Artigo 8. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás entidades interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as entidades interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas entidades interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 9. Utilización do selo de Mercado Excelente

A concesión do selo de Mercado Excelente, implicará os seguintes compromisos e facultades:

- a) As prazas de abastos e mercados comprométense a manter os requisitos que deron lugar á obtención da puntuación mínima para acadar o selo de Mercado Excelente ou, no seu caso, notificar á dirección xeral competente en comercio calquera variación nos mesmos, no prazo dun mes desde que se produza o feito que implica tal variación.

- b) As prazas de abastos e mercados que obteñan o selo de Mercado Excelente deberán utilizalo nas súas accións de comunicación e publicidade, respectando a súa representación gráfica publicada na páxina web da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no Portal do Comercio Galego <http://www.comercio.xunta.gal> así como a denominación de "Mercado Excelente".
- Igualmente, a Xunta de Galicia poderá utilizar a denominación "Mercado Excelente" e a representación gráfica do selo nas accións de colaboración coa praza de abastos ou mercado.
- c) O selo de Mercado Excelente poderá ser valorado aos efectos de obtención de axudas da Xunta de Galicia conforme ao establecido na orde de convocatoria correspondente.

Artigo 10. *Validez do Selo de Mercado Excelente*

1. O selo de Mercado Excelente terá unha validez de catro anos, renovables a petición da entidade solicitante por períodos sucesivos de igual duración.
2. A dirección xeral competente en materia de comercio poderá realizar cantas comprobacións e inspeccións considere necesarias para garantir o cumprimento e o mantemento dos requisitos que serviron de base para a concesión do selo de Mercado Excelente, podendo solicitar para iso tanta información sexa necesaria así como acceder ás instalacións da praza de abastos e mercado nos termos previstos no artigo 6.

No segundo ano de validez do selo, para un seguimento do mantemento dos requisitos que serviron de base para a concesión do selo de Mercado Excelente, poderá requirirse á entidade solicitante unha actualización da ferramenta de avaliación.

Artigo 11. *Perda de validez do selo de Mercado Excelente*

1. O selo de Mercado Excelente perderá a súa validez:

- a) Por renuncia da entidade solicitante ao dereito ao uso do selo notificándoo a dirección xeral competente en materia de comercio.
- b) Por perda das condicións e requisitos que deron lugar á concesión do selo de Mercado Excelente ou no caso de resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de

comprobación, inspección e seguimento, logo do expediente instruído para o efecto pola dirección xeral competente en materia de comercio.

2. Nos supostos establecidos no apartado 1.b) deste artigo ou se con motivo das actuacións previstas no artigo 10 desta orde apreciáranse feitos dos que se deduza o incumprimento ou non mantemento dos requisitos establecidos para o outorgamento do selo de Mercado Excelente, a dirección xeral competente en materia de comercio incoará o correspondente procedemento de perda de validez.

O acordo de inicio do procedemento establecerá os feitos que o motivan e o prazo máximo para resolver e notificar a súa resolución.

3. A dirección xeral competente en materia de comercio será o órgano competente para a instrución do procedemento de perda do selo de Mercado Excelente previsto no apartado anterior.

Con carácter previo á proposta de resolución, que será realizada pola dirección xeral competente en materia de comercio, darase audiencia á entidade interesada para que nun prazo de quince días hábiles efectúe as alegacións que consideren pertinentes.

4. Corresponde á persoa titular da consellería con competencia en materia de comercio resolver o procedemento de perda de validez do selo de Mercado Excelente. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ás persoas interesadas será de tres meses contados dende o acordo de inicio do procedemento. Transcorrido o dito prazo sen que se dite e notifique resolución expresa, producirase a caducidade do procedemento.

5. A perda da validez implica a retirada do selo de Mercado Excelente e a praza de abastos ou mercado afectada non poderán facer uso deste a partir da data da notificación da resolución ou, no seu caso, da toma de razón da renuncia por parte da dirección xeral competente en materia de comercio.

Artigo 12. Renovación do selo de Mercado Excelente

1. Cunha antelación mínima de cinco meses á expiración do prazo da validez do selo de Mercado Excelente, a entidade interesada poderá solicitar a súa renovación ante a dirección xeral competente en materia de comercio.

2. A solicitude para a renovación do selo de Mercado Excelente así como todos os trámites posteriores correspondentes ao dito procedemento realizaranse mediante a presentación por medios electrónicos da solicitude normalizada, que se inclúe como anexo IV de

renovación, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, xunto coa seguinte documentación:

- a) Anexo II da ferramenta de avaliación cuberta segundo a realidade existente e a guía de boas prácticas prevista no anexo III, con indicación, no seu caso, das variacións producidas, tendo en conta a guía.
- b) Xustificante do pagamento da taxa correspondente, establecida na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia co código 31.52.00 "Autorización Mercado Excelente".

3. A consellería competente en materia de comercio resolverá no prazo de tres meses previa comprobación pola dirección xeral competente en materia de comercio do mantemento dos requisitos que deron lugar á concesión do selo de Mercado Excelente.

Transcorrido dito prazo sen resolver a solicitude de renovación poderá entenderse renovado o selo de Mercado Excelente.

4. No caso de non solicitar a renovación do selo no prazo indicado no apartado 1 deste artigo, o selo de Mercado Excelente quedará sen efecto transcorrido o seu período de validez.

Artigo 13. *Recursos*

As resolucións do procedemento ditadas ao amparo desta orde porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

- a) Recurso potestativo de reposición perante o órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa. Se a resolución non fora expresa, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel na que a resolución debería ter sido ditada.
- b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Disposición adicional única. *Modificación e actualización dos formularios.*

De conformidade coa disposición adicional sexta da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, os modelos normalizados aplicables na tramitación do procedemento regulado nesta disposición, poderán ser actualizados co fin de mantelos adaptados á normativa vixente. A estes efectos será suficiente a publicación dos modelos actualizados na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estarán permanentemente accesibles para todas as persoas interesadas, sen que sexa necesaria unha nova publicación no Diario Oficial de Galicia.

Disposición transitoria única. *Prazas de abastos e mercados con selo de Mercado Excelente.*

Os selos de Mercado Excelente que á entrada en vigor desta orde estean vixentes terán validez polo prazo que resta dos tres anos dende a súa concesión ou renovación, debendo solicitar a súa renovación nos termos previstos no artigo 12.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

Queda derogada a Orde do 4 de xaneiro de 2017 pola que se regula o procedemento para a obtención do selo de Mercado Excelente na Comunidade Autónoma de Galicia, código de procedemento IN223B.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento*

Facultase á persoa titular da dirección xeral competente en materia de comercio para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, -- de ----- de 2025

José González Vázquez

Conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración

INSÍRASE

ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
OBTENCIÓN DO SELO DE MERCADO EXCELENTE	IN223B	SOLICITUDE

Entidade local

Entidade concesionaria da xestión

Asociacións/cooperativas de persoas vendedoras

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN						
TIPO <i>(obligatorio)</i>	Núm. <i>(obligatorio)</i>					PAÍS EMISOR <i>(obligatorio)</i>
RAZÓN SOCIAL <i>(obligatorio)</i>						
DIRECCIÓN						
PAÍS <i>Seleccione</i>						
TIPO <i>(obligatorio)</i>	NOME DA VÍA <i>(obligatorio)</i>				NÚM <i>(obligatorio)</i>	BLOQ <i>(obligatorio)</i>
CÓDIGO POSTAL <i>(obligatorio)</i>		PROVINCIA <i>(obligatorio)</i>	CONCELLO <i>(obligatorio)</i>		LOCALIDADE	
PARROQUIA			LUGAR			
CONTACTO						
PREFIXO	TELÉFONO 1 <i>(obligatorio)</i>		PREFIXO		TELÉFONO 2	
CORREO ELECTRÓNICO <i>(obligatorio)</i>						

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN			
TIPO <i>Seleccione</i>	NÚM <i>(obligatorio)</i>	PAÍS EMISOR <i>Seleccione</i>	
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal <https://notifica.xunta.gal>

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

Enviaranse avisos de posta ao dispor da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a continuación e que se poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:

PREFIXO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
---------	----------------	--------------------

PERSOA ENCARGADA DA COLABORACIÓN COAS TAREFAS DE COMPROBACIÓN (artigo 6)

IDENTIFICACIÓN		
TIPO <i>Seleccione</i>	Núm. <i>(obligatorio)</i>	PAÍS EMISOR <i>Seleccione</i>
NOME <i>(obligatorio)</i>	PRIMEIRO APELIDO <i>(obligatorio)</i>	SEGUNDO APELIDO <i>(obligatorio)</i>
CARGO <i>(obligatorio)</i>	TELÉFONO DE CONTACTO <i>(obligatorio)</i>	CORREO ELECTRÓNICO <i>(obligatorio)</i>

DATOS DO MERCADO

DENOMINACIÓN <i>(obligatorio)</i>		
DIRECCIÓN		
TIPO <i>(obligatorio)</i>	NOME DA VÍA <i>(obligatorio)</i>	NÚM <i>(obligatorio)</i>
CÓDIGO POSTAL <i>(obligatorio)</i>	PROVINCIA <i>(obligatorio)</i>	CONCELLO <i>(obligatorio)</i>
PARROQUIA	LUGAR	

--	--

ANEXO I
(continuación)

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA: Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se anexan son certos.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA, OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

ENTIDADES LOCAIS

	Memoria descriptiva que xustifique o cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 2 baseada na guía de boas prácticas prevista no anexo III.
	Anexo II da ferramenta de avaliación cuberta segundo a realidade existente.
	Informe da Mesa Local de Comercio no que se dea conta da presentación da solicitude.
	Xustificante do pago da taxa establecida na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia co código 31.52.00 "Autorización Mercado Excelente".

ENTIDADES CONCESIONARIAS DA XESTIÓN

	Título habilitante que acredite a súa condición de titular do dereito de uso da praza de abastos e mercado.
	Autorización do Concello para solicitar a obtención do selo de Mercado Excelente.
	Memoria descriptiva que xustifique o cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 2 baseada na guía de boas prácticas prevista no anexo III.
	Anexo II da ferramenta de avaliación cuberta segundo a realidade existente.
	Informe da Mesa Local de Comercio no que se dea conta da presentación da solicitude.
	Xustificante do pago da taxa establecida na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia co código 31.52.00 "Autorización Mercado Excelente".

		ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
	Acta e estatutos de constitución e modificacións posteriores, se é o caso, e acreditación da súa inscrición no rexistro correspondente			
	Poder suficiente da persoa representante da entidade solicitante			

ASOCIACIÓNS OU COOPERATIVAS DE PERSONAS VENDEDORAS

	Autorización do Concello para solicitar a obtención do selo de Mercado Excelente.
	Memoria descriptiva que xustifique o cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 2 baseada na guía de boas prácticas prevista no anexo III.
	Anexo II da ferramenta de avaliación cuberta segundo a realidade existente.
	Informe da Mesa Local de Comercio no que se dea conta da presentación da solicitude.
	Xustificante do pago da taxa establecida na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia co código 31.52.00 "Autorización Mercado Excelente".

		ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
	Acta e estatutos de constitución e modificacións posteriores, se é o caso, e acreditación da súa inscrición no rexistro correspondente			
	Poder suficiente da persoa representante da entidade solicitante			

COMPROBACIÓN DE DATOS Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
--	---------------------------

DNI ou NIE da persoa representante	
------------------------------------	--

CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
---	----------------------------

NIF da entidade solicitante.	Si Non
------------------------------	--------

ANEXO I
(continuación)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achega na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse no Cartafol cidadán de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de deberes legais impostos ao devandito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e deberes previstos nos preceptos básicos da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As Administracións Públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos procedementos da súa competencia.

Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde de ____ de _____ de ____ pola que se regula o procedemento para a obtención do selo de Mercado Excelente na Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento IN223B).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data						
	,		de		de	

--

Dirección Xeral de Comercio e Consumo



CAPITULO 1 . AVALIACIÓN DO ESTADO DO EDIFICIO E SOSTIBILIDADE DAS INSTALACIÓNS

PUNTACION NECESARIA PARA A EXCELENCIA: 64 PUNTOS

Bloque A - Estado do edificio: MÍNIMO 52 PUNTOS E TODOS OS ÍTEMS CUN 3 OU 4

Bloque B - Sostibilidade das instalacións: MÍNIMO 12 PUNTOS

Indicar cun X o nivel que considere en cada caso, unicamente un X por ítem. Para 0 deixar sen cubrir

BLOQUE A. ESTADO DO EDIFICIO	PRECISA DE ARRANCO TOTAL OU NON EXISTE	PRECISA DE ARRANXOS PARCIAIS	PRECISA DE LIMPEZA E PEQUENOS ARRANXOS	EN PERFECTO ESTADO	PUNTUACIÓN MÍNIMA OBRIGATORIA 52
ASPECTOS NOS QUE A MÁXIMA PUNTUACION É OBRIGATORIA	1	2	3	4	
CUBERTA garantindo un ambiente confortable e sen humidades					
FACHADAS (Paredes e carpintería exterior)					
ESTRUTURA; en perfectas condicións					
ACCESOS; adaptados e en bo estado					
REDE DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA E SUMIDOIROS; en boas condicións de eficiencia					
INSTALACIÓN ELÉCTRICA; suficiente e en bo estado de mantemento					
ILUMINACIÓN; Xeral e nos postos, suficiente e con acabados homoxéneos					
CHANS; anti-esvarante e sen acumulación de augas					
ESPAZOS INTERIORES DOS POSTOS DE VENDA; adecuados, limpos e con boa imaxe					
EXTERIOR DOS POSTOS DE VENDA; con imaxe homoxénea					
ASEOS PÚBLICOS; suficientes, adaptados e en boas condicións					
CALIDADE DO AR INTERIOR; Sen impacto de malos cheiros					
EXISTENCIA DE CUARTO DE RESIDUOS E SISTEMAS DE RECICLAXE					
EXISTENCIA DE ALMACÉN DE LIMPEZA					
					PUNTUACIÓN
PUNTUACION DO ESTADO DO EDIFICIO					

BLOQUE B. SOSTIBILIDADE DAS INSTALACIÓNS	CUMPRE EN MENOS DO 20% OU ESTÁ PROXECTO	CUMPRE ENTRE O 20% E O 50% OU PROXECTO APROBADO	CUMPRE ENTRE O 50% E O 75%, OU PROXECTO EN EXECUCIÓN	CUMPRE AO 100%	MINIMO 12
ASPECTOS QUE SE VALORAN PERO NON SON OBRIGATORIOS	1	2	3	4	
EFICIENCIA ENERXÉTICA					
GRAO DE ILLAMENTO TÉRMICO					
CALIDADE DO ESPAZO INTERIOR. IMPACTO DO RUÍDO INTERIOR					
POSESIÓN DE AUDITORÍA ENERXÉTICA					
CLIMATIZACIÓN					
POSESIÓN DUN PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS					
					PUNTUACIÓN
PUNTUACION DA SOSTIBILIDADE DAS INSTALACIÓNS					

TOTAL CAPÍTULO 1 (Bloque A + Bloque B)	
--	--



CAPÍTULO 2 . AVALIACIÓN DOS SERVIZOS DO MERCADO

PUNTACION NECESARIA PARA A EXCELENCIA: 35 PUNTOS

Bloque A - Servizos para clientes: A.1 OBRIGATORIOS 15 PUNTOS E TODOS OS ÍTEMS CUN 3 OU 4 | A.2 MÍNIMO 16 PUNTOS

Bloque B - Servizos para praceiros/as: MÍNIMO 4 PUNTOS

BLOQUE A.SERVIZOS PARA CLIENTES	DEFICIENTE	REGULAR	BO	EXCELENTE	PUNTUACIÓN MÍNIMA OBRIGATORIA 15 NON OBRIGATORIOS 16
A.1. ASPECTOS NOS QUE A MÁXIMA PUNTUACION É OBRIGATORIA	1	2	3	4	
TABOLEIRO DE ANUNCIOS					
CONSIGNA					
ZONA DE DESCANSO					
ECOPUNTO PARA CLIENTES					
	0	0	0	0	PUNTUACIÓN 0

A.2. ASPECTOS QUE SE VALORAN PERO NON SON OBRIGATORIOS	1	2	3	4	
PROXIMIDADE DO APARCADOIRO					
APARCADOIRO DE BICICLETAS					
CARROS DE COMPRA					
PANTALLAS DE INFORMACIÓN					
PUNTO DE INFORMACIÓN/ OFICINA DE ATENCIÓN AO/Á CLIENTE/A					
WIFI					
ESPAZO PARA A CELEBRACION DE EVENTOS, CURSOS, PRESENTACIONES					
SINALIZACIÓN E ROTULACIÓN XERAL DO MERCADO (WC, CONSIGNA, INFORMACION...)					
PUNTUACION DOS SERVIZOS PARA CLIENTES	0	0	0	0	PUNTUACIÓN 0

BLOQUE B. SERVICIOS PARA PRACEIROS/AS	DEFICIENTE	REGULAR	BO	EXCELENTE	MÍNIMO 4
ASPECTOS QUE SE VALORAN PERO NON SON OBRIGATORIOS	1	2	3	4	
APARCADOIRO PARA USO EXCLUSIVO DOS PRACEIROS/AS					
SEPARACIÓN DA CARGA E DESCARGA DO ACCESO PÚBLICO					
CÁMARAS FRIGORÍFICAS COMUNS					
ALMACÉNS DE RECIPIENTES E EMBALAXES					
VESTIARIOS DE PRACEIROS/AS E TRABALLADORES/AS					
ASEOS DE PRACEIROS/AS E TRABALLADORES/AS					
PUNTUACION DOS SERVIZOS PARA PRACEIROS/AS					PUNTUACIÓN

TOTAL CAPÍTULO 2 (Bloque A + Bloque B)	
--	--



CAPITULO 3 . XESTIÓN DO MERCADO

PUNTACION NECESARIA PARA A EXCELENCIA: 60 PUNTOS

Bloque A - Normativa reguladora: OBRIGATORIOS 12 PUNTOS

Bloque B - Funcionamento: : B.1 OBRIGATORIOS 26 PUNTOS E TODOS OS ÍTEMS CUN 3 OU 4 | B.2 MÍNIMO 22 PUNTOS

Indicar cun X o nivel que considere en cada caso, unicamente un X por ítem. Para 0 deixar sen cubrir

BLOQUE A. NORMATIVA REGULADORA	EXCELENTE	PUNTUACIÓN MÍNIMA OBRIGATORIA 12
ASPECTOS OBRIGATORIOS (4 puntos por cada un deles)	SI	
ORDENANZA REGULADORA OU REGULAMENTO ACTUALIZADO		
ORDENANZA FISCAL ACTUALIZADA		
PREGOS DE LICITACION ACTUALIZADOS		
		PUNTUACIÓN

BLOQUE B. FUNCIONAMENTO	DEFICIENTE	REGULAR	BO	EXCELENTE	PUNTUACIÓN MÍNIMA OBRIGATORIA 26 NON OBRIGATORIOS 22
B.1. ASPECTOS NOS QUE A MÁXIMA PUNTUACION É OBRIGATORIA	1	2	3	4	
GRAO DE EXIXENCIA DO CUMPRIMENTO DAS NORMAS ESTABLECIDAS					
RECOLLIDA DE RESIDUOS					
GRAO DE COLABORACIÓN COS PRACEIROS /AS					
PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACION COMERCIAL					
EXISTENCIA DE RRSS E/OU WEB DO MERCADO ACTUALIZADA					
ROTULACIÓN EXTERIOR VISIBLE					
HORARIOS DE APERTURA E PECHE VISIBLES E ACTUALIZADOS					
					PUNTUACIÓN

B.2. ASPECTOS QUE SE VALORAN PERO NON SON OBRIGATORIOS	1	2	3	4	
EXISTENCIA DA FIGURA DO/A XERENTE OU RESPONSABLE DO MERCADO					
FORMACIÓN DOS PRACEIROS E PRACEIRAS					
EXISTENCIA DE FÓRMULAS DE AGRUPACIÓN DE PRACEIROS E PRACEIRAS					
MEDIDAS ACTIVAS PARA POSTOS VACANTES					
XESTIÓN DAS RECLAMACIÓNS DOS CLIENTES					
BUZÓN DE SUXESTIÓNS					
PRESENZA DO MERCADO EN MEDIOS DE COMUNICACIÓN					
LOGOTIPO E IMAXE COMÚN					
PACKAGING E MERCHANDISING COMÚN					
					PUNTUACIÓN

TOTAL CAPÍTULO 3 (Bloque A + Bloque B)	
--	--



CAPITULO 4 . OFERTA DO MERCADO

PUNTACION NECESARIA PARA A EXCELENCIA: 40 PUNTOS

Bloque A - OBRIGATORIO 4 PUNTOS Bloque B - Máximo 4 PUNTOS Bloque C - Máximo 16 PUNTOS Bloque D - Máximo 36 PUNTOS

Postos dispoñibles e ocupados indicar as cantidades para cálculo automático puntuación (ver táboa fondo)
Bloque B e C indicar cun X os que procedan. Bloque D indicar o porcentaxe de 0 a 100

BLOQUE A. PORCENTAXE DE OCUPACIÓN

POSTOS DISPOÑIBLES NO MERCADO (cantidade sen decimais)		PORCENTAXE	PUNTUACION
POSTOS OCUPADOS NO MERCADO (cantidade sen decimais)		%	

BLOQUE B. DIVERSIFICACIÓN DA OFERTA

PEIXERIAS		
CONXELADOS		
CARNICERIAS		
FROITA E VERDURAS		
PANADERIA PASTELERIA		
CHACINERIA E QUEIXOS		
PRODUTOS GOURMET		
TENDAS XENERICA		
FLORES E PLANTAS		
NON ALIMENTARIOS		PUNTUACIÓN
OUTROS (ENCURTIDOS, CONSERVAS		

BLOQUE C. OFERTA COMPLEMENTARIA

RESTAURACIÓN		
SERVIZO DE COCIÑADO DE PRODUTOS DO MERCADO		
COMIDA PARA LEVAR		PUNTUACIÓN
VENDA OCASIONAL DE EXCEDENTES DE HORTA		

BLOQUE D. PORCENTAXE DE PRODUTOS DE PROXIMIDADE POR SECTOR, ENTENDENDO POR ISTO COMO MÍNIMO DE ORIXE GALEGO

SECTOR	PORCENTAXE	PUNTOS
PEIXE FRESCO E CONXELADO		
CARNES		
FROITA E VERDURAS		
PANADERIA PASTELERIA		
CHACINERIA E QUEIXOS		
PRODUTOS GOURMET		
FLORES E PLANTAS		
NON ALIMENTARIOS		PUNTUACIÓN
OUTROS (ENCURTIDOS, CONSERVAS, ETC)		

TOTAL CAPÍTULO 4 (Bloque A + Bloque B + Bloque C + Bloque D)

TABOA VALORACIÓN PORCENTAXE OCUPACIÓN	
OCUPACIÓN	PUNTUACIÓN
0%	1
25%	2
50%	3
75%	4

TABOA VALORACIÓN PRODUTOS PROXIMIDADE	
PORCENTAXE PRODUTO	PUNTUACIÓN
0	0
10	1
25	2
35	3
50	4



FICHA AVALIACIÓN PRACEIRAS E PRACEIROS (UNHA FICHA POR POSTO)

PUNTACION NECESARIA PARA A EXCELENCIA: 48 PUNTOS

Bloque A - Mantemento do posto: OBRIGATORIOS 14 PUNTOS E TODOS OS ÍTEMS CUN 3 OU 4

Bloque B - Xestión comercial: B.1 OBRIGATORIOS 14 PUNTOS E TODOS OS ÍTEMS CUN 3 OU 4 | B.2 MÍNIMO 20 PUNTOS

O 75% dos postos deben acadar os 48 puntos.

Indicar cun X o nivel que considere en cada caso, unicamente un X por ítem. Para 0 deixar sen cubrir

NOME DO PRACEIRO/POSTO	Nº POSTO	SECTOR

BLOQUE A. MANTEMENTO DO POSTO	DEFICIENTE	REGULAR	BO	EXCELENTE	PUNTUACIÓN MÍNIMA OBRIGATORIA 14
ASPECTOS NOS QUE A MÁXIMA PUNTUACION É OBRIGATORIA	1	2	3	4	
LIMPEZA INTERIOR DO POSTO					
LIMPEZA EXTERIOR DO POSTO					
ROTULACIÓN VISIBLE					
AUSENCIA DE MERCANCÍA OU EMBLAXES EN ZONAS COMÚNS					
					PUNTUACIÓN

BLOQUE B. XESTIÓN COMERCIAL	DEFICIENTE	REGULAR	BO	EXCELENTE	PUNTUACIÓN MÍNIMA OBRIGATORIA 14 NON OBRIGATORIOS 20
B.1. ASPECTOS NOS QUE A MÁXIMA PUNTUACION É OBRIGATORIA	1	2	3	4	
PREZOS Á VISTA					
ENTREGA DE TICKETS					
HORARIOS Á VISTA E ACTUALIZADOS					
VESTIMENTA AXEITADA					
					PUNTUACIÓN

B.2. ASPECTOS QUE SE VALORAN PERO NON SON OBRIGATORIOS	1	2	3	4	
ADMISIÓN DE DIFERENTES FORMAS DE PAGO (TARXETA, BIZZUM, ...)					
ADMISIÓN DE PEDIDOS POR TELÉFONO, WATHSAPP OU FERRAMENTAS SIMILARES					
INFORMACIÓN SOBRE O PRODUTO Á VISTA (NOME, ORIXE, ...)					
SERVIZO DE ENTREGA A DOMICILIO					
EMPREGO DE PACKAGING RECICLABLE					
PRESENTACIÓN DO PRODUTO					
PRESENZA ACTIVA NAS REDES SOCIAIS E/OU PÁXINA WEB					
					PUNTUACIÓN

TOTAL CAPÍTULO 5 (Bloque A + Bloque B)	
--	--

PUNTACION NECESARIA PARA A EXCELENCIA: 75% POSTOS

Identificar cada posto co seu número ou nome, e indicar as puntuacións acadadas en cada apartado

O Sistema automaticamente fará os cálculos da columna SI cumple ou NON, ademais de calcular os totais e porcentaxes.

EXCELENCIA

TOTAL PRACEIROS

PORCENTAJE POSTOS CUMPLEN REQUISITOS

%

[illegible]



FICHA RESUME EXCELENCIA

ASPECTOS COMÚNS	OBRIGATORIOS	NON OBRIGATORIOS	PUNTOS TOTAIS	EXCELENCIA
C1. ESTADO DO EDIFICIO E SOSTIBILIDADE DAS INSTALACIONS				NON
C2. SERVIZOS DO MERCADO				NON
C3. XESTION DO MERCADO				NON
C4. OFERTA DO MERCADO				NON

AVALIACIÓN PRACEIROS	TOTAL PRACEIROS	PORCENTAXE	EXCELENCIA
PORCENTAXE DE PRACEIROS QUE ACADAN A EXCELENCIA		%	NON

EXCELENCIA NON ACADADA

ANEXO III
GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS
DOS MERCADOS EXCELENTES DE GALICIA

Xunta de Galicia

Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

Dirección Xeral de Comercio e Consumo

CONTIDO

0. INTRODUCCIÓN.....	2
C1. ESTADO DO EDIFICIO E SOSTIBILIDADE DAS INSTALACIONES.....	4
Bloque A: Estado do edificio.....	4
Bloque B: Sostibilidade das instalacións.....	6
C2. SERVIZOS DO MERCADO.....	7
Bloque A: Servizos para clientes.....	7
Bloque B: Servizos para praceiros/as.....	9
C3. XESTION DO MERCADO.....	10
Bloque A: Normativa Reguladora.....	10
Bloque B: Funcionamento.....	10
C4. OFERTA.....	13
Bloque A: Porcentaxe de ocupación.....	13
Bloque B: Diversidade da Oferta.....	13
Bloque C: Oferta complementaria.....	14
Bloque D: Porcentaxe de produtos de proximidade.....	14
FICHAS DE AVALIACION DOS PRACEIROS E PRACEIRAS.....	15
Bloque A: Mantemento do posto.....	15
Bloque B: Xestión comercial.....	16
FICHA RESUME PARA CÁLCULO PORCENTAXES PRACEIROS.....	17
RESUME AVALIACIÓN DA EXCELENCIA.....	18

0. INTRODUCCIÓN

